



Estimados pais e nais:

Para o vindeiro xoves **16 de febreiro**, varias organizacións estudiantís convocaron unha folga no sector do alumnado. Tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das *Normas de Organización e Funcionamento* do IES Mugardos:


*“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, a partir do terceiro curso de ESO, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)*

*De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria.”*

Comunicámoslles que o alumnado do IES Mugardos anuncia a intención de secundar a folga en escrito dirixido pola Xunta de Delegados á dirección do centro. Seguindo o procedemento, a dirección do centro agarda a que os pais e nais do alumnado, asinen o recibo da información.

Por outra banda, lembramos que **os servizos do centro** (transporte, oficinas, docencia) **funcionarán como todos os días e o profesorado atenderá os alumnos e alumnas que no exercicio do seu dereito decidan asistir a clase.**

O director



<p>COMUNICACIÓN DE CONVOCATORIA DE FOLGA Entregar en secretaría do centro con 24 horas de antelación ao comezo da folga.</p>	<p><b>A cubrir pola secretaría do centro</b> <b>DATA:</b> ..... de ..... de 20.....</p>
--	---

Don/a.....DNI.....  
en calidade de nai/pai/titor legal de.....  
alumno/a do curso..... grupo.....

**COMUNICA** a recepción desta circular informativa sobre a folga estudiantil convocada para o 16 de febreiro de 2017.

Asdo:.....

NO CASO DE FACER FOLGA, O SEU FILLO OU FILLA NON DEBERÁ UTILIZAR O TRANSPORTE ESCOLAR NIN DEBERÁ ACUDIR AO INSTITUTO O DÍA SINALADO.